

SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS E O SEU USO

* tendo como referencia a conta corporativa __@edu.xunta.gal



PRINCIPAIS PROBLEMAS/SITUACIÓNS

derivados dun uso non recomendado



Seguridade

- O feito de empregar servidores externos nas aplicacións impide garantir a actualización dos mesmos ao non ter acceso ao seu control.
 - No caso de que eses servidores teñan problemas é difícil coñecer o que puido pasar cos datos que se facilitan ou se expoñen neses servidores.

Protección datos

- Os datos de carácter persoal, propios ou de terceiras persoas, están especialmente protexidos pola lexislación actual en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, polo que nunca se deben publicar e/ou almacenar en servizos externos .

Propiedade intelectual

- Habitualmente servizos coma redes sociais, servizos de publicación de contidos (blogs, vblogs,...) nas súas condicións especifican que os contidos publicados a través deste recurso pasan a ser propiedade dunha empresa.
 - Isto implica que imaxes, textos, etc aínda que se teñan que ocultar (exemplo dunha imaxe que por petición xudicial debe ser eliminada) non vai ser posible.

Dificultade na administración

- Non dispoñer do control total sobre as aplicacións e servizos dificulta por exemplo que a comunicación entre o alumnado que se pode dar nun entorno de aprendizaxe non se poida controlar ou limitar.
 - Un exemplo é o uso e control da mensaxería da aula virtual.